



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 07 DE XULLO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00032092L.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da presente convocatoria.

2. DEPORTES. Referencia: 3511/2020.

Continuidade do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais (CON/59/2015)

Acórdase dar orde á empresa AGRONERGA S.L., adxudicataria do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais, para que a partir do 12 de xullo e por un **periodo de 5 meses**, ata o 11 de decembro de 2021, continúe a prestación do servizo nas mesmas condicións baixo as que o viña facendo de conformidade co contrato anterior e polo tempo indicado mentres se procede á adxudicación da nova prestación.

O orzamento para estes 5 meses, na que se manterá a facturación actual, ascende á cantidade de 7.459,15 €, ive engadido, e financiarase con cargo á aplicación 090 34200 2270000. Instalac Deportivas. Limpeza e aseo.

3. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0040.

Convalidación de gastos por omisión da función interventora da factura expedida por TROBEIRO S.L., en concepto de Servizo de xestión da Escola Municipal de Música correspondente ao mes de xuño de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DEZANOVEMIL TRESCENTOS EUROS (19.300,00 €), en concepto de servizo de xestión da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela correspondente ao mes de xuño de 2021, segundo a factura número de relación contable F/2021/3093, emitida por Trobeiro, S.L., e que se achega no expediente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

4. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0041.

Aprobación do Servizo de xestión da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela: compensación pola exención de prezos públicos da Escola Municipal de Música correspondente ao mes de xuño de 2021.

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e a liquidación dos gastos por importe de 2.674,70 euros, en concepto de compensación por aplicación da exención de prezos públicos ás familias numerosas do mes de xuño de 2021, segundo a factura con número de relación contable F/2021/3094 e que se achega no expediente.

5. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00019234H.

A aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN FONTE DA VIRXE DE FAMILIARES E AMIGOS DOS ENFERMOS MENTAIS pola contía de 3.500 euros e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800003, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33).

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais, por unha contía de **3.500 euros**; e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800003, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33).

6. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021680^a.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA pola contía de 10.000 euros e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800019, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigos 31,32, 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Down Compostela, por un importe de **10.000 euros**; e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800019, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigos 31,32, 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

7. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020500L.

Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da provincia de A Coruña (ASPANAES) e a retención de crédito por importe de 3.000 euros (TRES MIL EUROS) , con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800011, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Pais de Persoas con Transtrono de Espectro Autista (T.E.A.), por unha contía de **3.000 euros**; e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800011, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

8. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020001A.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (Saúde Mental FEFES GALICIA) e a retención de crédito por importe de 60.000 euros (SESENTA MIL EUROS) con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800017, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (Saúde Mental FEFES-Galicia) por importe de **60.000 euros**; e retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800017, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

9. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020507A.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Andrea de Apoyo a los Niños con enfermedades de larga duración, crónicas o terminales para o ano 2021 pola contía de 3.000 euros e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800018, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a “Fundación ANDREA de apoyo a los niños con enfermedades de larga duración, crónicas o terminales”, por unha contía de **3.000 euros**; e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800018, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII)

10. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020510Y.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ESCOLA DE TEMPO LIBRE E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DON BOSCO pola contía de 5.000 euros e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800016, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigos 31,32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Escola de tempo libre e animación sociocultural Don Bosco, por un importe de **5.000 euros**; e a

ENTIDADE CONTÍA retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800016, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigos 31,32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

11. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021697C.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: COCINA ECONÓMICA DE SANTIAGO pola contía de 60.000 euros e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800001, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigos 31,32, 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e á entidade Cociña Económica de Santiago, por importe de **60.000 euros**; e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800001, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigos 31,32, 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

12. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020000W.

Aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e o Ilustre Colegio de Abogados de Santiago de Compostela e a retención de crédito correspondente.

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela a entidade “Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela”, por unha contía de **2.000 euros**; e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800022, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (Bases 31ª, 32ª, 33ª e Anexo ao Estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).